

ACTA DA REUNIÓN 10 DE SETEMBRO DE 2014 DA MESA DE CONTRATACIÓN PARA A SUBMINISTRACIÓN PARA A AMPLIACIÓN DO ESPAZO DE ALMACENAMENTO DO CPD E SERVIZO DE MANTEMENTO.

Presidente:

D. Miguel Ángel Santalices Vieira
Vicepresidente da Mesa do Parlamento de Galicia

Vogais:

D. José Manuel Balseiro Orol
Secretario da Mesa do Parlamento de Galicia

D^a. Concepción Burgo López
Vicesecretaria da Mesa do Parlamento de Galicia

D^a. María Aneiros González
Letrada do Parlamento de Galicia

D^a. María del Carmen Fernández da Silva
Viceinterventora do Parlamento de Galicia

Secretario:

D. Santiago González Serrano
Director de Recursos Humanos e Réxime Interior do Parlamento de Galicia

No Pazo do Parlamento de Galicia, ás 9,30 horas do día **10 de setembro de 2014**, reúnense as persoas relacionadas, que constitúen a Mesa de Contratación encargada de estudar a documentación xeral das ofertas presentadas para tomar parte na contratación administrativa, mediante procedemento aberto, para a subministración para a ampliación do espazo de almacenamento do CPD e servizo de mantemento.

Orde do día:

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación técnica e relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

Invítase a que accedan á sala os representantes presentes das empresas concorrentes:

D. Predrag Paucek (documento de identificación nº X1498188X), en representación de Internacional periféricos y memorias España, s.l.

Punto primeiro.- Comunicación das empresas admitidas e excluídas no procedemento de contratación.

O presidente da Mesa de contratación anuncia que si algún dos presentes o solicita se procederá á lectura do anuncio de licitación publicado no DOG nº 147, do 5 de agosto de 2014. Ningún dos presentes o solicita.

Acto seguido comunícase o acordo da Mesa de contratación sobre a admisión e inadmisión das proposicións presentadas polas empresas reflectidas na certificación expedida polo xefe do Servizo de Asistencia Parlamentaria.

Do reconto das proposicións presentadas e da súa confrontación cos datos que figuran no certificado estendido polo Servizo de Asistencia Parlamentaria, constátase a recepción das seguintes proposicións:

EMPRESA	registro núm.:
Internacional periféricos y memorias España, s.l.	26033
Sistemas avanzados de tecnología, s.a.	26040 (fax) 26089

Con data 8 de setembro de 2014 constituíuse a Mesa de contratación, que procedeu ao estudo da documentación presentada polas empresas concorrentes nos sobres "A", resultando que as dúas proposicións presentadas deben ser admitidas, polo tanto non hai empresas excluídas.

Punto segundo.- Apertura e exame da documentación incluída nos sobres "B" ("Documentación relativa aos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor").

O Presidente invita ao interesado que se atopa na sala a que examine os sobres "B" presentados polas empresas concorrentes, e a que comprobe que se atopan pechados e nas condicións nas que foron entregados.

Informa de que pode efectuar, antes de proceder á apertura dos sobres, as manifestacións ou observacións que consideren oportunas; unha vez iniciada a apertura dos sobres, non se admitirán interrupcións. Informa tamén que a documentación contida nos sobres B será remitida ao servizo do Parlamento competente para a súa avaliación, e a puntuación obtida polas empresas respecto dos criterios cuxa cuantificación depende de xuízo de valor será comunicada na sesión pública de apertura dos sobres C.


Procédese a continuación á apertura dos sobres presentados polas empresas concorrentes.

Unha vez abertos todos os sobres, o presidente anuncia aos presentes poden examinar a documentación contida nos sobres "B".

Non habendo máis asuntos que tratar, ás 9,50 horas levántase a sesión, asinando os asistentes a presente acta, no lugar e data indicados.




Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente



José Manuel Balseiro Orol
Vogal



Concepción Burgo López
Vogal



María Aneiros González
Vogal



María del Carmen Fernández da Silva
Vogal



Santiago González Serrano
Secretario